

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xuño de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día cinco de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(526).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(527).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL E HUMANIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN PEONIL DA ACTUAL REDE VIARIA, COFINANCIADO POLO FEDER. EXPTE. 4468/440.

Dáse conta da proposta de data 2/06/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta da exclusión de AIN ACTIVE, S.L.U., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de maio de 2017, por non superar o umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 30 de maio de 2017:

1. UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)
2. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440) na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	93,80
2	UTE FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLES Y ASOCIADOS, S.L.P. – CONSULTORA DE INGENIERÍA MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L.	86,44
3	ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ	85,96
4	PROYFE, S.L.	84,75
5	UTE PABLO MENÉNDEZ, S.L.U. - REBORDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y, S.L.N.E.U.	83,51
6	UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. – FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.	80,95
7	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	76,84

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE GOC, S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE (5.825,00 euros), esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP ("cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente").

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.198,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(528).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BUEU. EXPTE.4096/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 1/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/05/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de maio de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de decembro de 2016, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. e NAROM, S.L. por non dispor da solvencia técnica e económica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando no prazo concedido:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	MISTURAS, S.A.	94,99
2	EXTRACO, S.A.	94,27
3	UTE NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. - MONCOSA OHS, S.A.	94,15
4	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	93,45
5	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	93,08
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,56
7	ORESA, S.L.	92,16
8	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA)	92,07
9	UTE DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.- HIDROMIÑO, S.- L.U.	92,06
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. E CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.A.	92,02
11	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	91,97
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	91,73
13	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	91,29
14	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,19
15	CONSTRUCCIONES OREGA, SL.	90,88
16	ORECO, S.A.	90,84
17	ELSAMEX, S.A.	89,37
18	UTE SIELVIGO, S.L. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	89,28
19	COPCISA, S.A.	88,76

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 2 de maio de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de maio de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 de marzo e 4 de abril de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440) por un prezo total do contrato de 628.366,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 109.055,31 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(529).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MEMORIAS E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA “CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O EXERCICIO DO ANO 2017” DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 14054/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30/05/17, dáse conta do informe-proposta do 26/05/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro delegado de Emprego, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia de 8 de maio de 2017, a consellería de Economía, Emprego e Industria vén de publicar a “ORDE do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017.”.

Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais por un periodo de contratación subvencionable que non supere os tres (3) meses dende a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo; e en caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50%, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis (6) meses, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria ten, entre outros, os seguintes condicionantes:

- Beneficiarias: persoas desempregadas que deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas con especiais dificultades de inserción laboral, así como mulleres (preferentemente vítimas de violencia), menores de 30 anos (con preferencia os demandantes de 1º emprego ou sen cualificación profesional), persoas desempregadas de longa duración, persoas discapacitadas, maiores de 45 anos, persoas que esgotaran os subsidios ou sexan perceptoras de Risga, así como as persoas con cargas familiares.

- A axuda abarca os salarios e custos empresariais segundo o convenio de aplicación xa que non chegan no caso do Concello de Vigo aos máximos que se estipulan na Orde correspondente a estas subvencións, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.
- A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- O prazo de presentación de solicitudes remata o 8 de xuño de 2017.

É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou aos distintos departamentos municipais susceptibles de elaboración de proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento. Ademais, as obras ou servizos que se desenvolverán que se desenvolverán mediante a actividade destas persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social.

1. Para o presente ano 2017 de resultas desta solicitude enviada, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Vías e Obras, Limpeza e Casa Gallega da Cultura, presentaron memorias, por un importe total de **313.228,70 €**, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de **95** persoas traballadoras naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidiariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas no ano 2010, actualizadas co novo SMI, no caso das retribucións de peóns e auxiliares.

Así no cadro que se achega resúmense os datos básicos dos proxectos presentados polos servizos e dos que finalmente serán presentados á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, especificando, para cada un deles, o número de perfís das persoas traballadoras solicitadas, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita), con periodos de contratación de 3 meses a xornada completa e periodo de 6 meses e unha xornada do 50%.

TOTALS DAS MEMORIAS		Persoal	Custe
LIMPIEZA	Plan de limpeza e retirada de pasquións, carteis, etc	9	30.206,62 €
LIMPIEZA	Plan de atención permanente no rural	18	61.241,58 €
VIAS E OBRAS	Mantemento das zonas rurais	56	194.415,16 €
DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO	Servizos de apoio no parque mobil	8	27.365,34 €
CASA GALEGA DA CULTURA	Inventario e dixitalización fondos bibliográficos	4	15.853,98 €
TOTAL		95	329.082,69 €

PERIODOS DE CONTRATACIÓN:

- **Limpeza:**
 - 3 meses a xornada completa.
- **Vías e Obras:**
 - 3 meses a xornada completa.
- **Casa Galega da Cultura:**
 - 3 meses a xornada completa.
- **Desenvolvemento Local e Emprego**
 - 6 meses a media xornada (50% - 3,75h/día).

Para o desenvolvemento das actividades previstas nas memorias calcúlanse os seguintes gastos:

- **Limpeza:**

<u>Limpeza de pasquíns</u>	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Vestuario e EPI's	1.348,85 €	1630.2210400
◦ Materiais	1.460,00 €	1630.2211000
<u>Atención permanente no rural</u>		
• Vestuario e EPI's	2.606,15 €	1630.2210400
- **Vías e Obras:**

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Vestuario convenio Xunta-Concello	10.000,00 €	1532.221.04.00
◦ Conservación Vías e espazos públicos	92.000,00 €	1532.210.00.00
- **Casa Galega da Cultura:**

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Materiais	A utilizar o xa existente nas bibliotecas	
- **Desenvolvemento Local e Emprego:**

	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
◦ Roupa de Traballo e EPI's	1.520,80 €	2410 2210400
◦ Formación en PRL	400,00€	2410 2279900

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. *Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para a o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2017, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.*
 - a) Limpeza:
 - “Plan de limpeza e retirada de pasquíns, carteis, pegatinas e pintadas”

- “Plan de Atención Permanente no rural”

b) Vías e Obras:

- “Mantemento das zonas rurais do concello de Vigo”

c) Casa Galega da Cultura:

- “Programa de Cooperación Xunta de Galicia – Concellos”.

d) Desenvolvemento Local e Emprego:

- “Programas de Colaboración Xunta-Entidades Locais para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade”.

2. Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 329.082,69 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

4. Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos:

LIMPIEZA

Plan de limpeza e retirada de pasquíns, carteis, etc

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Gru po ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
1	Of. conducción	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
8	Peóns	707,70	117,95	825,65	825,65	8411/10-g	34,70	286,50	1.112,15	8.897,20	26.691,61 €
9	CUSTES SALARIAS MEMORIA										30.206,62 €

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Gru po ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
2	Of. conducción	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
5	Of. Xardineiros/as	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	5.858,34	17.575,01 €
1	Auxiliar Administrativo	707,70	117,95	825,65	825,65	8411/7-a	32,10	265,03	1.090,68	1.090,68	3.272,05 €
10	Peóns	707,70	117,95	825,65	825,65	8411/10-g	34,70	286,50	1.112,15	11.121,51	33.364,52 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

Importe

Partida

Plan de limpeza de pasquíns

- | | | |
|---------------------|------------|--------------|
| • Vestiario e EPI's | 1.348,85 € | 1630.2210400 |
| • Materiais | 1.460,00 € | 1630.2211000 |

Plan de Atención Permanente no rural

- Vestuario e EPI's

2.606,15 €

1630.2210400

VIAS E OBRAS

Mantemento das zonas rurais

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Gru po ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
Administración											
1	Auxiliar Administrativo	707,70	117,95	825,65	825,65	8411/7-a	32,10	265,03	1.090,68	1.090,68	3.272,05 €
Pavimentación											
1	Capataz	745,24	124,21	869,45	869,45	8411/3-d	37,80	328,65	1.198,10	1.198,10	3.594,29 €
4	Of. Pavimentador	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	4.686,67	14.060,01 €
1	Of. Mecánico	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	1.171,67	3.515,00 €
3	Of. Condución	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
4	Peón construción	707,70	117,95	825,65	825,65	8411/10-d	37,80	312,10	1.137,75	4.550,98	13.652,95 €
Beirruas e cunetas											
1	Capataz	745,24	124,21	869,45	869,45	8411/3-d	37,80	328,65	1.198,10	1.198,10	3.594,29 €
9	Of. Albanel	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	10.545,01	31.635,02 €
3	Of. Condución	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
12	Peón construción	707,70	117,95	825,65	825,65	8411/10-d	37,80	312,10	1.137,75	13.652,95	40.958,85 €
Mellora vía pública											
2	Of. Carpinteiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
3	Of. ferreiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
3	Of. canteiro	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-d	37,80	321,40	1.171,67	3.515,00	10.545,01 €
2	Of. Condución	728,80	121,47	850,27	850,27	8411/8-f	37,80	321,40	1.171,67	2.343,33	7.030,00 €
7	Peón construción	707,70	117,95	825,65	825,65	8411/10-d	37,80	312,10	1.137,75	7.964,22	23.892,66 €
56	CUSTES SALARIAS MEMORIA										194.415,16 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

- | | Importe | Partida |
|--|----------------|--------------------|
| • Vestuario convenio Xunta-Concello | 10.000,00 € | 1532.221.04.00 (*) |
| • Conservación Vías e espazos públicos | 92.000,00 € | 1532.210.00.00 (*) |

Modifícanse as partidas da memoria xa que non se adecuan ao PGC actualizado

- (*) 1550.221.04.00 e 1550.210.00.00

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

Servizos de apoio no parque mobil

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	CUSTO TOTAL 6 MESES e 50% Xornada
8	Peóns	707,70	117,95	825,65	825,65	84/d	38,10	314,57	1.140,22	9.121,78	27.365,34 €
8	CUSTES SALARIAS MEMORIA										27.365,34 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

- | | Importe | Partida |
|-----------------------------|----------------|----------------|
| • Roupa de Traballo e EPI's | 1.520,80 € | 2410 2210400 |
| • Formación en PRL | 400,00€ | 2410 2279900 |

CASA GALEGA DA CULTURA

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización	CNAE/Gru po ou Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	TOTAL 3 MESES
2	Diplomados/as biblioteconomía	857,25	142,88	1.000,13	1.000,13	8411/7-a	32,10	321,04	1.321,17	2.642,33	7.926,99 €
2	Diplomados/as área humanidades	857,25	142,88	1.000,13	1.000,13	8411/7-a	32,10	321,04	1.321,17	2.642,33	7.926,99 €
4	CUSTES SALARIAS MEMORIA										15.853,98 €

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

- Materiais

Importe

Partida

A utilizar o xa existente nas bibliotecas

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Cayetano Rodríguez Escudero.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez